

producciones  
**tic tac**

**ZircOZine**

**laGartocine**

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

  
TELEVISIÓN DE GALICIA



**Fernanda del Nido**  
**TIC TAC PRODUCCIONES**

CIE-Mans Pg. Pocomaco D-22  
C.P. 15190 A Coruña, España

T: +34 981 910 122  
F: +34 981 910 101  
M: +34 661 396 158

[info@tictacproducciones.com](mailto:info@tictacproducciones.com)  
[www.tictacproducciones.com](http://www.tictacproducciones.com)

# 18 COMIDAS

unha película de Jorge Coira



## índice

- :: FICHA TÉCNICA
- :: INTRODUCCIÓN
- :: SINOPSE
- :: MEMORIA DE DIRECCIÓN
- :: CASTING
- :: CV DIRECTOR
- :: CV PRODUTORAS
- :: CONTACTO

18 comidas





# ficha técnica

**Título orixinal:** 18 COMIDAS

**Título internacional:** 18 MEALS

**Director:** Jorge Coira

**Guionistas:** Jorge Coira, Araceli Gonda e Diego Ameixeiras

**Formato:** XDCAM EX (final 35mm)

**Duración:** 90'

**Idiomas:** galego, español, inglés e macedonio

**Montaxe:** Jorge Coira

**BSO:** Piti Sanz e Iván Laxe

**Produtores Executivos:** Fernanda del Nido, José Nolla e Hugo Castro Fau

**Produtor asociado:** Michel Ruben

**Produtores:** Fernanda del Nido (Tic Tac Producciones)  
Luis Tosar e Farruco Castroman (Zircozine)  
Hugo Castro Fau (Lagarto Cine)

# 18 comidas





# introducción

¿Cantas historias poden ocorrer durante unha comida?

24 personaxes... 6 historias.....**18 COMIDAS**

**18 COMIDAS** conta seis historias ó longo de un único día de ficción.

A partir da improvisación, os actores e o director deron forma a cada unha das historias durante a mesma rodaxe. Para isto, traballaron sobre os personaxes e as historias durante a preproducción na que nunca se ensaiou o que se ía gravar.

A rodaxe realizouse con 4 cámaras que gravaron simultaneamente para o que tamén fixeron falta xornadas de ensaios técnicos para conseguir unha boa coordinación de todo o equipo técnico que estivera a disposición da improvisación e a proposta artística do director.

Ó longo de 9 xornadas de rodaxe, o equipo técnico e artístico de **18 COMIDAS** construíu unha maneira distinta de facer cine.

# 18 comidas





## sinopse

**18 Comidas** é unha historia de historias; unha película feita de retazos de vidas.

É unha película que viaxa a través de dezaioito comidas –entre almorzos, comidas e ceas- que nos fan partícipes dalgúns deses momentos que poden cambiar unha vida. Unha ducia de historias ó longo dun único día de ficción: un matrimonio ancián que percorre unido un deses días que aínda lle quedan por vivir xuntos; un músico da rúa que reencontra, só por unhas horas, o amor que perdeu; unha cociñeira que soña con cantar; un mozo que teme recoñecer que é homosexual ante o seu irmán maior; un home maduro que non se atreve a comprometerse cunha moza vinte anos máis nova ca el; un cumpreanos distinto a tódolos anteriores... Historias que bailan entre a poesía do cotidiano e os terremotos dos grandes cambios.

E estas historias, como ocorre na vida, teñen un percorrido imprevisible. Porque **18 Comidas** é unha película de improvisación. A diferenza doutras películas baseadas na improvisación, nunca ensaiamos a situación que logo rodamos. A partires dunha situación dada, e despois de traballar en ensaios para que cada intérprete (se) afaga (co) seu personaxe, rodamos sen seguir un guión previo, senón seguindo a propia lóxica do momento e do conflito entre os personaxes. Non é unha cuestión de risco, senón de aventura.

**18 Comidas** é unha aventura, minuciosamente planificada, en busca de trozos de vida para a que contaremos cun equipo técnico no cal se mesturaron profesionais de distintos países – dende Galicia ata Macedonia – e un amplo grupo de intérpretes integrado por un equipo de actores naturais así como de grandes nomes do cine español e galego.

Nove días de rodaxe, seis meses de montaxe e, antes, outros tantos de preparación. Co actor ou actriz chave de cada trama buscamos ós intérpretes que os acompañen. Averiguamos xuntos quen é no fondo o seu personaxe, como é e como foi ata a hora do almorzo, cando todo comeza.

# 18 comidas





## memoria de dirección

A primeira vez que pensei en **18 Comidas**, non tiña nin idea do que ía facer ou onde me ía levar esta aventura. Todo o que tiña en mente era o obxectivo de traer á vida a experiencia abraiante da improvisación sobre o escenario. Xa tivera certa experiencia no funcionamento da improvisación como director auxiliar en xogos de teatro, pero cando realmente abrín os ollos de xeito fascinante, foi nas masterclass que Michael Radford deu en Dublín a doce directores europeos fai poucos anos. Era unha experiencia increíble para os doce de nos e, aínda que as nosas intencións eran facernos coas ferramentas precisas para traballar con actores, algo permanecía na parte posterior da miña mente, algo que tardou en decirme que alí había un tesouro oculto...

Estiven moito tempo sen traballar nesa idea. Sentía que alí había algo que agardaba ser descuberto, pero todo o que podía facer era esperar ata que se amosase por si só. Non sei, quizais é un xeito estraño de definilo, pero foi como o sentín... Ás veces só me sinto ben se estou interesado no proxecto, non soamente como director, senón tamén como espectador...

E comezou a aparecer cando se me ocorreu a idea de diversas historias que sucedían durante comidas. Iso era... ¿Cántas historias poden suceder durante unha comida?

A partir dese momento, comezaron a xurdir diferentes historias. Non procuraba un tema común a todos. Preferín usar a sinxela idea de diversas comidas máis como un leitmotiv, que como temática. Non sei, sinto que hai unha certa poesía estraña ó usar o alimento como acoplamento entre a gente (de feito, encántame a idea de que a xente que vexa a película, ademáis de ter unha experiencia emocional como se pode ter con calquer filme, aprenda como cociñar algúns platos...). De tódolos xeitos, aínda que non buscaba un tema común, xordeu naturalmente... Aínda que tentei traballar en historias totalmente diversas, ó final, todas falan das mesmas cousas, cousas que a todos nos importan: amor, paz, soidade, supervivencia, tempo...


Non é unha historia normal –nunca o podería ser-, é un grupo de personaxes nun momento crítico das súas vidas, dos que sabemos os seus desexos e os conflitos que eses diversos desexos poden xerar. Foi durante a rodaxe onde traballamos cos actores para traer eses pequenos pedazos de vida... á vida.

Jorge Coira

# 18 comidas



# casting



**LUIS TOSAR**

*"Eduardo"*



**ESPERANZA  
PEDREÑO**

*"Sol"*



**MARIO ZORRILLA**

*"Teo"*



**MARÍA BOUZAS**

*"Carme"*



**PEDRO ALONSO**

*"Vladimir Torres"*



**VÍCTOR FÁBREGAS**

*"Fran"*



**FEDE PÉREZ**

*"Tuto"*



**XOSÉ BARATO**

*"Lucas"*



**CRISTINA  
BRONDO**

*"Nuria"*



**ANTONIO  
MOURELOS**

*"Víctor"*



**SERGIO PERIS-  
MENCHETA**

*"Sergio"*



**VÍCTOR  
CLAVIJO**

*"Víctor"*



**JUAN CARLOS  
VELLIDO**

*"Juancar"*



**CAMILA BOSSA**

*"Ana"*



**NUNCY  
VALCÁRCEL**

*"Rosana"*



**MARÍA VÁZQUEZ**

*"Mar"*



**VÍCTOR DUPLÁ**

*"César"*



**X.M. OLIVEIRA  
"PICO"**

*"José"*



**RICARDO DE  
BARREIRO**

*"Nito"*



**JORGE  
CABEZAS**

*"Jorge"*



**MILAN  
TOCINOVSKI**

*"Spasek"*



## cv director

### JORGE COIRA director

Jorge Coira naceu na cidade galega de Lugo e comeza a formarse con distintos obradoiros, seminarios e cursos adicados a dirección de cine e guión. Entre eles destacan algúns internacionais impartidos por figuras de destacada traxectoria como son Victor Erice, Robert Lovenheim, Michael Radford e Allan Starski.

A súa experiencia profesional abarca video, tv e cinema. Participou na realización e dirección de importantes series galegas e españolas como son: **Mareas Vivas, Terra de Miranda, As Leis de Celavella, R.I.S., Padre Casares e El Comisario**. Tamén dirixiu documentais para televisión como **Rías Baixas: o que nunca se ve, Chunda Chunda, Vida nas Mareas e 092**.

Como director destaca o seu traballo en dúas curtametraxes premiados en varios festivais, **Mofa e befa en gran liquidación e O matachín**; a súa tv movie **Entre Bateas** (2002) e a súa longametraxe producida en 2004, **O ano da carracha**.

Actualmente está a participar como director no documental de creación **Que culpa tiene el tomate** (en postproducción) e no desenvolvemento da longametraxe **18 comidas**.


# 18 comidas





cv produtoras

18 comidas



Tic Tac producciones é unha produtora galega independente fundada no ano 2006 por Fernanda del Nido. O seu principal obxectivo é desenvolver e producir longametraxes de ficción e documental.

Dende o seu inicio aposta polas coproducións entre Europa e Latinoamérica e polos novos realizadores de ambos continentes.

Os proxectos de Tic Tac Producciones veñen acadando un importante percorrido internacional avalado por diversos festivais así como o apoio de organismos e televisións rexionais e internacionais.

Durante o 2009, 2010 y 2011 estará traballando no desenvolvemento e produción dos seguintes proxectos, entre outros:


### TAN POUQUÍÑA COUSA, UN CORAZÓN



En Desenvolvemento  
Director: Daniel Domínguez  
(Ficción)

- Tic Tac Producciones (España)
- Lagarto Cine (Arxentina)


### 18 COMIDAS



En Producción  
Director: Jorge Coira  
(Ficción)

- Tic Tac Producciones (España)
- Lagarto Cine (Arxentina)
- Zircosine (España)


### TRALAS LUCES



En Postproducción  
Directora: Sandra Sánchez  
(Documental)

- Tic Tac Producciones (España)
- Lagarto Cine (Arxentina)

### FLORES TRISTES



Finalizada  
Director: Teo Manuel Abad.  
(Documental)

- Formateo (España)
- Pórtico (España)
- Tic Tac Producciones (España)

### QUE CULPA TIENE EL TOMATE



Finalizada (Documental)

Director: Alejo Hoijman (Arxentina), Paola Vieira (Brasil), Marcos Loayza (Bolivia), Carolina Navas (Colombia), Jorge Coira (Galicia, España) Josué Méndez (Perú), Alejandra Szeplaki (Venezuela),

- Lagarto Cine (Arxentina) ·TV Zero (Brasil) ·Pucara Films y Alma Films (Bolivia) ·PatoFeo Films (Colombia) ·Tic Tac Producciones (España) ·Chullachaki (Perú) ·Estrella Films (Venezuela)




## VIENEN POR EL ORO, VIENEN POR TODO

En Producción

Director: Pablo D'alo Abba –  
Cristian Harbaruk *(Documental)*

- Lagarto Cine (Argentina)
- Mal Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



## LA PARTE AUSENTE

En Desenvolvimento

Director: Gael Maidana  
*(Ficción – Ópera Prima)*

- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)




## PAYASAS MUERTAS

En Desenvolvimento

Directora: Ana Rovira  
*(Ficción – Ópera Prima)*

- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



## RECURSOS HUMANOS

En Desenvolvimento

Director: Jaime Escallón Buraglia  
*(Ficción)*

- Babilla Cine (Colombia)
- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



## AGUA FRÍA DE MAR

En Producción

Directora: Paz Fábrega  
*(Ficción)*

- Temporal Films (Costa Rica)
- Tic Tac Producciones (España)
- Pimienta Films (México)
- Les films du Requin (Francia)



## TODA LA GENTE SOLA

Finalizada

Director: Santiago Giralt  
*(Ficción)*

- M&S producción (Argentina)
- Lagarto Cine (Argentina)
- Tic Tac Producciones (España)



## MANUEL E ELISA

Finalizada

Director: Manuel Fernández  
Valdés. *(Documental)*

- Tic Tac Producciones (España)

# ZircoZine

Zircozine é unha produtora galega independente asentada en Santiago de Compostela e fundada en 2007 por Luis Tosar e Farruco Castromán coa finalidade de producir cine, teatro e televisión de maneira independente pero apostando pola calidade e o talento novo.

Dende os seus inicios a día de hoxe produciron tres longametraxes, a primeira delas en coprodución con Antena 3 e Lazona Films: *Al final del camino* (estrea marzo 2009). Unha comedia dirixida por Roberto Santiago e protagonizada por Fernando Tejero e Malena Altiro. Distribuída por Warner cunha saída de 250 copias en salas.

A finais do 2008 comezaron a produción da longametraxe *Os Crebinsky* (estrea finais de 2009). Unha produción enteiramente galega dirixida por Quique Otero e protagonizada por Miguel de Lira e Sergio Zarreta.

Zircozine atópase actualmente na produción da longametraxe *18 comidas* de Jorge Coira, un formato de cine orixinal e valente baseada na improvisación coa participación de actores galegos, españois e internacionais da talla de Luis Tosar, Cristina Brondo, Milan Tosinovsky, María Vázquez, Víctor Clavijo, Sergio Peris Mencheta, Víctor Fábregas, Esperanza Pedreño, Pedro Alonso, entre outros.

Dentro dos proxectos en desenvolvemento, cabe mencionar como clara aposta polo talento galego, a tvmovie *Encallado* sobre o sumario xudicial do caso "Prestige", dirixida por Alfonso Zarauza

E a longametraxe coproducida por Lazona Films "23F" que ten prevista a súa rodaxe para Xaneiro do 2010.



**18 Comidas**  
 Director: Jorge Coira  
 Producido por:  
 Zircozine e Tic Tac  
[www.18comidas.com](http://www.18comidas.com)  
*Status: En producción*



**Al final del camino**  
 Director: Roberto Santiago  
 Producido por: Zircozine, Lazona Films e Antena 3  
 Distribución: Warner  
*Status: Estrea Marzo 2009*



**Os Crebinsky**  
 Director: Quique Otero  
 Producido por: Zircozine,  
 Control Z e Cabo San Lázaro  
*Status: Estrea 2009*



**contacto**

## **TIC TAC PRODUCCIONES**

Fernanda del Nido

CIE - MANS, Polígono de Pocomaco Parcela D-22  
C.P. 15190, A Coruña - ESPAÑA

Mov. (+34) 661 396 158

Tel. (+34) 981 910 122

Fax. (+34) 981 910 101

[info@tictacproducciones.com](mailto:info@tictacproducciones.com)

[www.tictacproducciones.com](http://www.tictacproducciones.com)

[www.18comidas.com](http://www.18comidas.com)

[www.18meals.com](http://www.18meals.com)

**18 comidas**

